

**PRESIDENTA:
DONA M^a VICTORIA ALONSO MEÉNDEZ**

**VOGAIS:
DONA OLGA M^a GARCÍA BALLESTEROS
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO
D. SANTOS HECTOR RODRIGUEZ DIAZ
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
DON JORGE CUBELA LÓPEZ
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO
D. JAVIER TOURÍS ROMERO
D. IGNACIO MARIL PARDO
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA
DON GORKA GOMEZ DIAZ
DON CARLOS LOPEZ FONT**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISION
INFORMATIVA DE IGUALDADE
CELEBRADA O DIA 19 DE NOVEMBRO
2021**

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte e tres minutos do día 19 de novembro de 2021, reúnense no Salón de Plenos da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Victoria Alonso Méndez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade.

Actúa como Secretaria, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Dna. Lucía Muradas Arcay, xefa do Servizo de Igualdade. Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE OUTUBRO DE 2021.

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 22 de outubro de 2021.

2. APROBACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Presidenta da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola xefa do Servizo de Igualdade, con data de 16 de novembro de 2021 en relación coa aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades ente mulleres e homes da Deputación de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

"PRIMEIRO.-"A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Neste mesmo ámbito procede evocar os avances introducidos por conferencias mundiais monográficas, como a de Nairobi de 1985 e Beijing de 1995.

A Constitución Española, no seu artigo 14 proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo e recoñece que "os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". Pola súa parte, o artigo 9.2 consagra a obrigação dos "poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas e remover os obstáculos



que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

Estes principios son trasladados á normativa estatal e normas autonómicas.

SEGUNDO.-A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, (LOI), ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fora a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil (art.3 LOI).

O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes configúrase como un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, intégrase e obsérvase na interpretación e aplicación das normas xurídicas. Este principio é aplicable no ámbito do emprego privado e no do emprego público, estará garantido, nos termos previstos na normativa aplicable, no acceso ao emprego, incluso ao traballo por conta propia, na formación profesional, na promoción profesional, nas condicións de traballo, incluídas as retributivas e as de despido, e na afiliación e participación nas organizacións sindicais e empresariais, ou en calquera organización cuxos membros exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións concedidas polas mesmas.

Respecto á regulación na **obligación de elaboración e aplicación de Plans de igualdade**, o artigo 45.1 e 45.2 a LOI establece:

“As empresas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar, e no seu caso acordar, cos representantes legais dos traballadores na forma que se determine na lexislación laboral”. (Art 45.1 LOI)

“No caso das empresas de máis de douscentos cincuenta traballadores, as medidas de igualdade a que se refire o apartado anterior deberán dirixirse á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos neste capítulo, que deberá ser asimesmo obxecto de negociación na forma que se determine na lexislación laboral”. (Art 45.2 LOI)

O **concepto e contido dos Plans de igualdade** atopase recollido no art. 46.1 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (LOI):

“Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo.

Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade a alcanzar, as estratexias e prácticas a adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados”. (Art 46.1 LOI)

As Administracións Públicas no ámbito das súas respectivas competencias, e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán actuar baixo os seguintes criterios establecidos no artigo 51 da LOI:

- Remover os obstáculos que impliquen a pervivencia de calquera tipo de discriminación co fin de ofrecer condicións de igualdade efectiva entre mulleres e homes no acceso ao emprego público e no desenvolvemento da carreira profesional.



- *Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sen menoscabo da promoción profesional.*
- *Fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional.*
- *Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración.*
- *Establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo.*
- *Establecer medidas efectivas para eliminar calquera discriminación retributiva, directa ou indirecta, por razón de sexo.*
- *Avaliar periodicamente a efectividade do principio de igualdade nos seus respectivos ámbitos de actuación.*

TERCEIRO.- A Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2 reitera o mandato dirixido aos poderes públicos "Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social".

En materia de igualdade, na Comunidade Autónoma de Galicia, temos que ter en conta o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

Os **Plans de igualdade**, conforme á redacción do artigo 65 do Decreto Legislativo 2/2015, defínense como "un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizarse un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales han de comprender:

- a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, especificando os indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificando aos órganos ou persoas responsables.
- b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e a xestión empresarial.
- c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados acadados.

CUARTO.- O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Disposición adicional sétima, recolle o mandato xeral dirixido ás Administracións Públicas para elaborar e aplicar un plan de igualdade para as traballadoras e traballadores dependentes de esta. En dita Disposición adicional, de maneira expresa, obriga ás Administracións Públicas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e para elo, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación entre mulleres e homes. De igual modo, obriga a que o plan de igualdade elaborado e aprobado sexa desenvolvido no convenio colectivo ou como acordo de condicións de traballo do persoal.

QUINTO.- En canto a **normativa comunitaria**, no artigo 22 da **Directiva 2006/54/CE** establécese a necesidade de fomentar o diálogo coas organizacións non gobernamentais que teñan un interese lexítimo na contribución á loita contra a discriminación por razón de sexo, co fin de promover o principio de igualdade de trato.

A **Directiva 76/207/CEE** do Consello, de 9 de febreiro de 1976, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e promoción profesional, e ás condicións de traballo, non define os conceptos de discriminación directa ou indirecta. Con todo, no marco do artigo 141.3 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea adóptase a **Directiva 2002/76/CE** do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de



setembro de 2002, que modifica a Directiva 76/207/CEE, incluíndo as definicións de discriminación directa e indirecta por razón de sexo, en liña coas definicións contidas na **Directiva 2000/43/CE** do 29 de xuño de 2000 e **Directiva 2000/78/CE** do 27 de novembro de 2000.

O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (**Convenio de Istambul**), ratificado o 11 de abril de 2014 por España e en vigor desde agosto de 2014, é o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de violencia contra a muller e a violencia doméstica, e é o tratado internacional de maior alcance para facer fronte a esta grave violación dos dereitos humanos, establecendo unha tolerancia cero con respecto á violencia cara á muller. Será aplicable a todas as formas de violencia contra a muller, incluída a violencia doméstica.

Ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) Protexer as mulleres ante **todas as formas de violencia** e previr, perseguir e eliminar a violencia contra a muller e a violencia doméstica.
- b) Contribuír a eliminar **toda forma de discriminación contra a muller e promover a igualdade real entre mulleres e homes**, incluíndo o empoderamento das mulleres.
- c) Concibir un marco global, políticas e medidas de protección e asistencia a todas as vítimas de violencia contra a muller e a violencia doméstica.

A violencia contra a muller recoñécese no Convenio como unha violación dos dereitos humanos e como unha forma de discriminación, ademais de considerar responsables aos Estados se non responden de maneira adecuada.

En consecuencia, con este **II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**, a **Deputación de Pontevedra** pretende, ademais de cumprir a normativa de aplicación, ampliar o concepto de discriminación en liña cos obxectivos do Convenio de Istambul, eliminar toda discriminación contra as mulleres e seguir avanzando no desenvolvemento dun marco favorable de relacións laborais baseado na igualdade de oportunidades, a non discriminación e a tolerancia cero ante as situacións de violencia contra as mulleres, promovendo unha contorna segura e saudable para todo o persoal ao servizo desta Administración.

SEXTO.- Na data 11 de decembro de 2017 apróbase con unanimidade das persoas que integraron a Comisión negociadora o I Plan de Igualdade da Deputación de Pontevedra. Posteriormente foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, do día 29 de decembro de 2017.

O I Plan de Igualdade da Deputación de Pontevedra estableceu o sistema de avaliación e seguimento do plan para o control do cumprimento dos obxectivos.

O I Plan de Igualdade foi anualmente avaliado pola Comisión paritaria de seguimento e avaliación e coa participación dunha persoa auditora socio-laboral de xénero externa.

Unha vez rematada a vixencia do I Plan de Igualdade e con carácter previo ao inicio da negociación do II Plan de Igualdade as persoas integrantes da Comisión paritaria de seguimento e avaliación realizan o diagnóstico e o Informe Final da Avaliación do I Plan de Igualdade aprobado por unanimidade.

SETIMO.- Na reunión do 4 de novembro de 2021 constituíuse a Comisión Paritaria para a negociación de II Plan de Igualdade de Oportunidades. A Comisión ten como finalidade o establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, evitar a discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, así como o impulso e o fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico desta e de acordo coa definición do principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.



A Comisión negociadora que redacta, negocia e aproba o II Plan de igualdade está integrada polos seguintes membros, en representación da Deputación e do persoal en paridade.

En representación da entidade:

- Dona María Victoria Alonso Méndez. Deputada delegada de Igualdade
- Dona Lucía Muradas Arcay. Xefa do Servizo de Igualdade
- Dona Elsa María Pinto Da Cunha Pimenta. Adxunta á xefatura de RR.HH.
- Dona Sonia Mateos Escudero. Xefa de Xestión do Museo
- Dona M^a Carmen Crespo Blanco. Xefa do Servizo de P.R.L.
- Don Manuel Corujo Castro. Xefe do Servizo de Emprego

En representación do persoal as persoas designadas polo sindicato correspondente:

- Dona María Teresa Macías Albela. Representante de CC. OO.
- Dona María Ángela Comesaña Martínez. Representante de CC. OO.
- Dona María Isabel Pérez Simal. Representante de CC. OO.
- Dona María González García. Representante de UXT
- Don Adrián Blanco Cortegoso. Representante da CIG
- Dona Remedios Pérez González. Representante do CSIF

Persoas suplentes:

- Don Luís Ignacio García Seco. Representante da UXT
- Don Aquilino Valiño Pinto, Representante da CIG

Persoas asesoras:

- Dona Monserrat Rodríguez Arribas (CSIF)
- Don Manuel Ángel Gil Canabal (UXT)
- Dona M^a Ángeles García Empresa. Avogada

Así, e para darlle cumprimento á obriga legal en materia de igualdade de xénero, nos termos do artigo 45 da LOI 3/2007 e da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, estableceuse un plan de traballo.

OITAVO.- Ademais do compromiso das partes implicadas na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria con data 06 de agosto de 2021 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do Servizo de asistencia técnica para a negociación, redacción, deseño e aprobación, análise cuantitativo e cualitativo anual e avaliación final do II Plan de igualdade da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 20 de setembro de 2021, mediante procedemento aberto simplificado adoptou, entre outros, o seguinte acordo por unanimidade: Adxudicar o contrato para á prestación do Servizo de asistencia técnica para a negociación, redacción, deseño e aprobación, análise cuantitativo e cualitativo anual e avaliación final do II Plan de igualdade da Deputación de Pontevedra á empresa Eclós Consulting Group S.L.P. (CIF: B70.455.456)

Os resultados do informe de avaliación o I Plan de igualdade da Deputación de Pontevedra, foron analizados polas persoas constituíntes da Comisión de Igualdade, que presentaron alegacións e propostas ao documento e foi a base para a negociación das medidas e accións que se integran no II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

NOVENO.- O 9 de novembro de 2021 apróbase o contido do Texto do II Plan de Igualdade da Deputación de Pontevedra, tras varias reunións onde se negocian as accións que forman parte deste Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e que son aprobadas por unanimidade por as persoas integrantes da Comisión do Plan de Igualdade, e de conformidade co establecido nos art. 45 e 51 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, respecto á elaboración e aplicación dos plans de igualdade.



A competencia para aprobación do citado Plan corresponde á mesa negociadora, pero dado que algunhas das medidas que conforman o II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación de Pontevedra afectan á normativa aprobada polo Pleno da corporación provincial, considerase que o mesmo debe ir á aprobación do pleno a estes efectos.

DÉCIMO.- O ámbito de aplicación de este Plan abarca a todo o persoal ao servizo da Deputación de Pontevedra, persoal funcionario, de carreira e interino, persoal laboral contratado en réxime de dereito laboral e persoal bolseiro.

DÉCIMOPRIMEIRO.- O presente Plan, terá unha vixencia de tres anos dende a data da súa aprobación, tempo que a Comisión do II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes entende suficiente para corraxir e alcanzar o conxunto de medidas que se concretan no mesmo.

Pasado o prazo de vixencia do II Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, reunirse a Comisión para proceder á negociación do III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Á vista de todos estes antecedentes e visto o informe favorable da Secretaría Xeral con data 10 de novembro, o Pleno **ACORDA:**

1. Aprobar do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes da Deputación de Pontevedra cuxo texto íntegro figura co CSV: R3ONM6KRRWHWX2M1
2. Publicar o texto íntegro de dito Plan no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Non obstante o Pleno co seu superior criterio decidirá"

Solicita a palabra a deputada María Paz Lago Martínez do grupo do PP, para indicar que sendo varias as ocasións nas que solicitaron os informes de seguimento do I Plan de Igualdade, amosa a súa desconformidade tras non recibir ningún destes informes ata o documento final do II Plan xa negociado e aprobado pola comisión paritaria.

A Presidenta da comisión, informa que estes documentos son só para as persoas integrantes da comisión negociadora, as que previamente asinan documento de confidencialidade, polo que a non entrega dos mesmos débese a un tema xurídico.

A secretaria da comisión informa, que o texto do II Plan de Igualdade inclúe un informe elaborado pola propia comisión de seguimento do I Plan de Igualdade, no que se recollen os datos relevantes de dita avaliación.

A Deputada María Paz Lago Martínez solicita que unha vez analizados anualmente os datos pola Comisión de Seguimento do II Plan de Igualdade pódase realizar un documento ao que podan ter acceso. A secretaria toma nota da petición.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. Votos a favor: (17), sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.



2. Votos en contra: (o), ningún.
3. Abstencións: (o), ningunha.

A Comisión Informativa de Igualdade ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes , cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA FIANDO REDES

A xefa do Servizo de Igualdade elabora un informe con data 16 de novembro de 2021, sobre as bases Reguladoras do programa Fiando Redes , cuxo contido literal é o seguinte:

“Dende a Deputación de Pontevedra, unha vez máis, quérese reiterar o seu compromiso coa igualdade dando resposta non so da lexislación vixente, senón tamén de tres principios fundamentais, a promoción da igualdade entre mulleres e homes, a visibilización do traballo das mulleres e a transversalidade de xénero.

Nestes tempos complexos, dunha incerteza e crise sen precedentes, a igualdade volve estar en serio risco de retroceder gravemente na nosa sociedade. A situación epidemiolóxica mundial que vivimos, está a levar á muller a unha posición de vulnerabilidade laboral e social que podemos tardar moitos anos en recuperar.

A COVID-19 veu se cabe a acentuar aínda mais as desigualdades de xénero, é por elo que dende a Deputación de Pontevedra se queren poñer en marcha diferentes actuacións que favorezan a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, sendo as asociacións de mulleres un dos espazos óptimo onde impulsar estas actuacións.

Dende o Servizo de Igualdade, considerase necesario favorecer o asociacionismo entre as mulleres xa que, precisamente son as asociacións e federacións entre mulleres e as fundacións que teñen por obxecto a promoción das mesmas, as que coas súas actividades poidan incidir de forma directa na participación e promoción das mulleres na sociedade pontevedresa.

Para elo, quérese por en marcha o programa Fiando Redes, co que se pretende activar o tecido asociativo feminino, tecer redes e mobilizar conciencias para un cambio de actitudes e a ruptura de estereotipos sexistas, promovendo a sensibilización en igualdade de xénero e a prevención da violencia machista.

Con data do 26 de outubro de 2021 a Secretaría informa as bases reguladoras da convocatoria do Programa Fiando Redes e con data do 4 de novembro de 2021 Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 21/250.2315.227.07, considerase correcta, e conta con crédito retido para tal fin.



Estas bases envíanse para a súa aprobación na sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12 de novembro, posteriormente publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) de 16 de novembro de 2021.

Ditas bases reguladoras quedan redactadas da seguinte forma:

"BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "FIANDO REDES"

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a proposta e execución de políticas de fomento en materia de igualdade e de erradicación da violencia de xénero e a creación de liñas de subvencións destinadas á realización de actividades e programas relacionados coa promoción e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade.

A COVID-19 acentuou máis se cabe as desigualdades de xénero, é por iso que desde a Deputación de Pontevedra se queren poñer en marcha diferentes actuacións que favorezan a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes, e as asociacións de mulleres son un dos espazos óptimos onde impulsar estas actuacións.

O confinamento agudizou a crise do coidado, aumentando a carga de traballo das mulleres. Esta maior carga de traballo impacta negativamente no seu traballo remunerado e na súa saúde, sobre todo en ausencia de sistemas de coidados institucionalizados. A maior precariedade laboral explícase polos roles de xénero e as responsabilidades do coidado asignadas ás mulleres. O coidado é colectivo, con todo, as normas sociais de xénero atribúenlles o rol do coidado ás mulleres, prexudicando a súa participación no mercado laboral e limitando a súa socialización social e cultural.

A posta en marcha do programa "Fiando redes" ten como obxectivo activar o tecido asociativo feminino, tecer redes e mobilizar conciencias para un cambio de actitudes e a ruptura de estereotipos sexistas, promovendo a sensibilización en igualdade de xénero e a prevención da violencia machista.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra ofertará actividades de temática inclusiva e con perspectiva de xénero enmarcadas en cinco grupos: encontro con escritoras, acción escénica, música, mural e faladoiros.

Tendo en conta o exposto, a Deputación acorda poñer en marcha o programa "Fiando redes" segundo as seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Aprobar as bases reguladoras do programa "Fiando redes", que ten por obxecto o fomento do asociacionismo feminino e o empoderamento das mulleres, e así favorecer a súa socialización con outras do seu contorno, a creación de redes e o intercambio de experiencias e sinerxías, onde estas manifesten as súas inquedanzas e preocupacións.

A través deste programa impulsarase a súa participación social e cultural e visibilizarase o traballo e o papel das distintas mulleres que participan no programa.

Segunda. Entidades destinatarias

Este programa vai destinado a asociacións de mulleres e outras asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra que teñan como obxectivo prioritario e ámbito de actuación a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Quedan expresamente excluídas do ámbito do programa as solicitudes efectuadas por persoas particulares, empresas, concellos, comunidades de montes, clubs deportivos, centros educativos e ANPA.



Terceira. Alcance do programa

A Deputación de Pontevedra ofertará dentro deste programa actividades de temática inclusiva e con perspectiva de xénero, enmarcadas en cinco bloques, que aparecen detalladas no anexo I.

As entidades interesadas deberán solicitar, como máximo, cinco actividades por orde de prioridade entre as distintas indicadas no anexo I, concedéndose a cada entidade unha soa actividade en función da dispoñibilidade e a orde de petición.

As entidades beneficiarias serán as encargadas de se poñer en contacto coas profesionais encargadas da realización da actividade, unha vez concedida e tras facilitarlles os datos por parte do Servizo de Igualdade, para concretar a data da acción, coñecer as condicións e coordinar a realización desta.

As diferentes profesionais disporán dun escenario ou marco adecuado para que poidan levar a cabo a súa actuación sen impedimento ningún.

Cuarta. Accións

As accións que se poden solicitar, de temática inclusiva e con perspectiva de xénero e cunha duración aproximada de dúas horas, están enmarcadas en cinco bloques que aparecen detallados no anexo I.

- **Encontro con escritoras:** reunión con diferentes escritoras galegas co que se pretende dar a coñecer e poñer en valor a creación literaria ao tempo que se fomentan a lectura, a escritura creativa e a oralidade. Ademais quérense fomentar a través da literatura valores coma a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e a non violencia
- **Acción escénica:** pezas artísticas onde se integran a escenificación e a interpretación, o teatro, a música e o baile
- **Música:** actuacións musicais de diferentes artistas musicais galegas
- **Mural:** intervención mural. Realización dunha actividade atractiva e colaborativa con perspectiva de xénero
- **Faladoiros:** realización de actividades de formacións en relación coa igualdade e a prevención da violencia de xénero

Quinta. Dotación e imputación orzamentaria

A concesión das actividades estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convócanse con cargo á aplicación 21/250.2315.227.07 cun importe total de 276.844 €.

Sexta. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e os certificados electrónicos (incluído o DNle).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica no prazo de dez (10) días hábiles. En todo caso, se tal emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente en papel, sen que poidan engadirse outros documentos ou rectificar os xa achegados. Isto sen prexuízo da emenda en xeral que, no seu caso, procedese de acordo coas bases ou segundo o artigo 68.1 da Lei 39/2015.

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes de actividades comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



As solicitudes deberán presentarse cunha antelación de máis de 20 días naturais con respecto á data de realización da actividade.

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos das entidades solicitantes incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF
- Domicilio fiscal
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícanse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra en <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento efectuaranse por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica" dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiríraselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos e indicáraselle que, de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décima. Obrigas das entidades beneficiarias

As actividades que se solicitan con cargo ao programa "Fiando redes" deben ser con entrada de balde, dirixidas ás súas asociadas e, en caso de prazas dispoñibles ao público en xeral, prioritariamente ás mulleres.

As entidades ás que se lles autoricen actividades con cargo a este programa están obrigadas a:

- Facer a publicidade das actividades en lingua galega, empregar unha linguaxe escrita e iconográfica non sexista e introducir o logo da Deputación de Pontevedra nun lugar visible
- Facilitar a colocación da publicidade estática (roll ups) proporcionada pola Deputación de Pontevedra nun lugar visible



- *Obter todas as autorizacións e permisos necesarios para o bo desenvolvemento da actividade.*
- *Proporcionar un escenario ou marco adecuado para a realización da actividade para que poidan efectuar a súa actuación sen impedimento ningún*
- *Aboar as taxas da SGAE cando corresponda*
- *Notificar os cambios que se puidesen producir e, no caso de que a actuación non se levase a cabo, poñelo en coñecemento do Servizo de Igualdade desta Deputación*
- *Emitir un certificado acreditativo á profesional, grupo ou entidade que realice a acción para poder proceder ao pago da factura correspondente*
- *Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente no momento, así como coas recomendacións das autoridades competentes relativas á COVID-19 no desenvolvemento da actividade*
Será responsabilidade da entidade e da súa xunta directiva garantir o cumprimento das medidas de protección da COVID-19 que se atopen vixentes en cada momento. Así mesmo, a entidade non permitirá o acceso ou a permanencia no local en que se desenvolva o curso a aquelas persoas que non fagan uso das medidas hixiénicas que dispoñan as autoridades competentes.

Décimo primeira. Adjudicación das actividades

A adjudicación das distintas actividades determinarase aplicando os seguintes criterios:

- *Atenderanse as solicitudes por orde de entrada, tendo en conta o rexistro de entrada daquelas que estean debidamente cubertas (desde que a solicitude se atope completa).*
- *Só se concederá unha actividade por entidade*
- *Dúas entidades distintas non poderán presentar unha solicitude de actuación para o mesmo evento*
- *En calquera caso, a concesión das actuacións queda suxeita á dispoñibilidade de existencia de actuacións dado que haberá un número máximo de peticións por actividade.*

Décimo segunda. Pagamento

O pagamento das actividades autorizadas con cargo a este programa efectuaráselle directamente á profesional que a realiza, para o que esta deberá achegar o certificado acreditativo da realización da actividade asinado pola entidade peticionaria e, en todo caso, realizarase de acordo con todo o disposto nas bases reguladoras.

Décimo terceira. Vixencia

O prazo de solicitude de actividades con cargo ao programa "Fiando redes" estará vixente durante todo o ano 2021, podendo prorrogarse ata o 31 de marzo 2022 para a súa adecuada execución, e estará condicionado á dispoñibilidade de existencia de actuacións dado que haberá un número máximo de peticións por actividade.

Décimo cuarta. Publicidade

Débase facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (LXS).

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o enderezo de correo electrónico comunicacion@depo.gal

Décimo quinta. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das bases de execución do Orzamento para o ano 2021 o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Décimo sexta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).



Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalo, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable" dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo oitava. Normativa supletoria

Para todo o non establecido nestas bases aplicaranse as de execución do Orzamento provincial e a demais lexislación aplicable

ANEXO I. CATÁLOGO DE ACCIÓNS

- **Encontro con escritoras:** reunión con diferentes escritoras galegas co que se pretende dar a coñecer e poñer en valor a creación literaria ao tempo que se fomentan a lectura, a escritura creativa e a oralidade. Ademais quere fomentar a través da literatura valores como a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e a non violencia.

As escritoras son:

- **María Lado**
- **Miriam Ferradáns**
- **Dores Tembrás**

- **Acción escénica**
 - **Mónica Sueiro**
Directora de escena, actriz, dramaturga, figurinista e pedagoga teatral
 - **Literarias**
Recital, monólogo, performance, narrativa e teatro a cargo das artistas Mariana Carballal (actriz, directora e docente), Isabel Blanco (narradora e poeta) e Silvia Penas (poeta e performer)
 - **Baía Fernández**
Creativa, comunicadora e adestradora emocional
 - **Laura Villaverde**
Actriz con carreira no teatro e no audiovisual
 - **Sue Moreno**
Trapecista e actriz, realiza danza contemporánea, teatro xestual e técnicas aéreas de circo
- **Música**
 - **Las Antonias**
Banda feminina que nace coa necesidade de devolverlles ás cancións de toda a vida o empoderamento que as mulleres merecen.
 - **Regueifas** con Alba M.^a e Lupe Blanco
Espectáculo de dúas regueifeiras baseado na súa axilidade á hora de improvisar en verso e na mensaxe que queren difundir sobre o rol da muller.



- **Zeltia**
Artista que coa súa música consegue adentrarnos nunha viaxe onde o folk e o blues se mesturan con outros momentos máis acústicos e tribais.
- **Nastasia Zürcher**
Vocalista e compositora. Artista libre e curiosa, cantante ecléctica e amante das fusións.
- **Mural:** *intervención mural. Realización dunha actividade atractiva e colaborativa con perspectiva de xénero.*
 - **Nana**
 - **Doa Oa**
 - **Laura Tova**
 - **Lara Torres**
- **Faladoiros**
A cargo da Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA), sobre:
 - *Prevenção das violencias machistas*
 - *Coñecendo a menopausa*
 - *Autocoidados*
 - *Ecofeminismo/sustentabilidade da vida*
 - *A linguaxe inclusiva como motor de cambio*
 - *Recursos contra a violencia machista*
 - *Muller e saúde*
 - *Estimulación cognitiva a través do xogo (traballar a memoria, a atención, a linguaxe...)*
 - *Escape room da igualdade*
 - *Música, cine, televisión e outros elementos que sosteñen o patriarcado"*

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

